

**ACTA N.º 12/2015**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 29 DE OUTUBRO DE**  
**2015**

ASUNTOS

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- PROPOSTA DE REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO CONCELLO DE NIGRÁN
- I.3.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS
- I.4.- MOCIÓN DE UCN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
- I.5.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS
- I.6.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO
- I.7.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA
- I.8 - PROPOSTA RELATIVA Á MARCHA ESTATAL DE 7 DE NOVEMBRO DE 2015 CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS
- I.9.- MOCIÓN DE URXENCIA: TRABALLOS NON REALIZADOS POLA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA.

*II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

**Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 29 de outubro de 2015.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 00:20, do día 30 de outubro.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

#### ***Incidencias:***

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se produciron.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### **I.- PARTE RESOLUTIVA**

#### **I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 24 de setembro de 2015*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, intervén:

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: No Punto I.2, apartado B), subapartado 1, último*

parágrafo, onde di "...proyecto de Orzamento do ano 2015...", debe dicir: "...proyecto de Orzamento do ano 2016...".

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 24 de setembro de 2015 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación, deixándose constancia da referida corrección.

## **I.2.- PROPOSTA DE REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO CONCELLO DE NIGRÁN**

*Expte. nº: 2015/048S*

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do 20 de outubro de 2015, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

Coa finalidade desenvolver o exercicio do dereito da veciñanza a formular suxestións e reclamacións e regular a composición, organización e funcionamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, ao abeiro do disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local e demais disposicións aplicables, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán.

**SEGUNDO.-** Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en consecuencia, someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, no que poderán presentarse reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente elevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Presidencia.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, Presidente da Comisión de Suxestións e Reclamacións, poñente do Regulamento:* Le a exposición de motivos e sintetiza o seu contido, seguindo a estrutura da norma proposta.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Apoian a aprobación do Regulamento. Advirte da necesidade de dotar os medios necesarios para poder cumprir esta norma.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Confía en que sexa operativo para os veciños.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Felicita ao Presidente da Comisión polo seu traballo, que, ademais, compromete a todos. Coincide en que hai que poñer en marcha a unidade de apoio, para que a iniciativa sexa efectiva.

*Sr. Cuevas Raposo:* É un primeiro paso.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tamén é unha prioridade para o goberno. Trátase dunha aprobación inicial susceptible de melloras.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello accorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

### **I.3.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**


A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de outubro de 2015, informa favorablemente o expediente da moción do Grupo Municipal Unión Centrista de Nigrán (UCN) relativa á modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, coa seguinte proposta:

Vista la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos" en vigor, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra el 25-06-2.013, en el artículo 4 relativo a la base imponible y a la cuota tributaria, en su apartado "IV.- Outros:", figuran los siguientes conceptos: 1.- Bastanteo de Poder ou autorización ..... 5,00 €, 2.- Por expedición de cada placa de vado permanente ..... 25,00 €, 3.- Informe sobre o estado de tramitación dun expediente ..... 10,00 €.

La expedición de placas de vado figura de forma improcedente en esta ordenanza fiscal, porque es más que dudoso que se trate de la expedición de un documento administrativo y sobre todo porque existe otra ordenanza fiscal, concretamente la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase" aprobada con posterioridad y publicada en el BOP el 16-10-2.014, que regula perfectamente la cuota tributaria para los casos de entrega de placas de vado. Aún coincidiendo ambas ordenanzas en la tarifa por el mismo concepto la primera es de carácter general y la segunda de carácter específico por lo que debe prevalecer sobre la primera.

Considerando que procede la supresión de este concepto en la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos" se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente **ACUERDO**:

**Primero.**- Aprobar provisionalmente la modificación de la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos", modificación que afectará al apartado IV.- Outros, del artículo 4 de la cita ordenanza, que en dicho apartado tendrá la siguiente redacción:



IV.- Outros:

- 1.- Bastanteo de Poder ou autorización ..... 5,00 €  
2.- Informe sobre o estado de tramitación dun expediente ..... 10,00 €

**Segundo.-** Exponer al público, durante treinta días hábiles, el correspondiente expediente administrativo mediante anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra y en otros medios que procedan. Si en el citado plazo no fueran presentadas reclamaciones se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña*, do grupo UCN: Explica os motivos da proposta e a necesidade de introducir axustes, concretamente suprimindo a referencia á expedición de placas de vado, porque xa está nunha ordenanza específica de entrada de vehículos.

*D. Alberto García Pazos*, do grupo Popular: A cuestión xa se debateu na Comisión de Contas. No informe da Intervención dise que na ordenanza de documentos debería contemplarse a expedición das licencias de vados e na de entrada de vehículos a placa. Piden que quede sobre a mesa, senón absteranse.

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: A de expedición de documentos fala da placa, e está mal. No futuro pode corrixirse como propón o PP.

*D. Xavier Rodríguez Fernández*, do grupo BNG: Non ten cabida a placa na expedición de documentos. A solicitude do vado si require un traballo municipal e ten un custe. Propón que se inicie o estudo de custos por parte do goberno municipal para fixar a taxa correspondente.

*Sr. Fernández Comesaña*: No futuro pódese ver o que propón o BNG. O relevante é que hai unha confusión coas dúas ordenanzas. Mantén a proposta.

*Sr. García Pazos*: Noutro Pleno podería resolverse toda a problemática. Mantén a súa petición de que quede sobre a mesa.

**Votación da petición de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeita a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.

- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- MOCIÓN DE UCN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de outubro de 2015, informa desfavorablemente (co voto de calidade do Alcalde-Presidente en segunda votación) o expediente da moción do Grupo Municipal Unión Centrista de Nigrán (UCN) relativa á modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (I.B.I.), coa seguinte proposta:

Vista la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto de Bienes Inmuebles (IBI) y teniendo en cuenta que mediante acuerdo plenario de 24-10-2.011, bajo el argumento de dar cumplimiento a un plan de saneamiento, fueron incrementados los tipos de gravamen entre los ejercicios 2.012 y 2.015 ambos incluidos. A lo que se añadió las medidas del Gobierno Central al respecto lo que supuso una excesiva carga impositiva para los vecinos en estos cuatro años.

Considerando que ahora es preciso minorar los tipos de gravamen para el ejercicio 2.016, devolviéndolos a los valores anteriores al año 2.012.

Se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente **ACUERDO**:

**Primero.-** Aprobar provisionalmente la modificación de la "Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmobles", modificación que afectará al artículo 8 de la cita ordenanza que tendrá la siguiente redacción:

##### **Artigo 8.- Cuota tributaria.**

- 1.- A cuota integra tributaria deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
- 2.-O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,50%
- 3.-O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,40%
- 4.-O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 1,30%
- 5.-A cuota líquida obterase minorando da cuota integra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 desta ordenanza.

**Segundo.-** Exponer al público, durante treinta días hábiles, el correspondiente expediente administrativo mediante anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra y en otros medios que procedan. Si en el citado plazo no fueran presentadas reclamaciones se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña*, do grupo UCN: Le a proposta. Pretende incidirse no imposto máis relevante. Hai que ter en conta que se van actualizar á alza os valores catastrais. Búscase volver a unha situación previa de certo equilibrio, á vista dos bos resultados da economía municipal, que conseguiu sanearse.

*D. Alberto García Pazos*, do grupo Popular: Están de acordo coa proposta. No 2011 houbo que afrontar unha situación de déficit. Logo foise mellorando por distintos factores. Agora o esforzo do axuste debe reverter na cidadanía.

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: A subida do IBI na anterior lexislatura foi contestada pola oposición. Non se coñecen os efectos da regularización e da revisión de valores catastrais. Apoian a modificación para retornar á situación anterior ao 2011.

*D. Xavier Rodríguez Fernández*, do grupo BNG: O BNG non se nega a revisar os tributos cando sexa necesario. Non lles parece mal esa rebaixa de tipos, pero se se entran a revisar, deberíase revisar todo o contido da regulación do imposto e, por exemplo, reducir bonificacións.

*Sr. García Pazos*: O plan de saneamento aprobárono PP, PSOE e BNG. A subida do imposto estaba prevista nese plan. O chocante é que non a apoiaran o resto dos grupos.

*Sr. Fernández Comesaña*: A rebaixa é asumible para o Concello. Hai que ser prudentes pola súa repercusión, dado o peso do tributo na economía municipal. Por outra parte, non se están cobrando outros tributos coma a taxa de carruaxes cunha perda de 50.000 €/ano. No presente caso búscase unha compensación polo incremento de valor.

*Sr. Alcalde-Presidente*: Xa se prevé a baixada do 0,60 ao 0,52, con case 200.000 euros de minoración na recadación. Ademais, outros 60.000 euros perderanse ao non tributar os solos urbanizables. Esta redución impedirá afrontar a prestación de certos servizos sociais. Non entende que o anterior goberno agora estea a favor disto. A cada contribuínte non lle suporá moito beneficio fronte ao grande prexuízo para o Concello. Pide que os que se preocupan polos que máis o necesitan non apoiem esta rebaixa. Insta aos grupos de esquerdas a que reconsideren a súa postura. O seu grupo votará en contra.

*Sr. García Pazos*: Esta medida hai que valorala en función das previsións de ingresos para 2016, que compensan esta minoración. O actual Alcalde, cando estaba na oposición, pediu minorar ingresos e aumentar gastos.

*Sr. Cuevas Raposo*: Tampouco son de esquerdas moitas cousas que fixo o actual grupo de goberno cando estaba na oposición. O PSOE non lle vai dicir o que é política de esquerdas.

*Sr. Fernández Comesaña*: Subir ou baixar impostos non é unha cuestión de esquerdas ou dereitas. Neste caso é un resarcimento ao esforzo dos veciños, e se iso supón certos axustes nos gastos, haberá que facelo. Agradece o apoio á proposta.

*Sr. Rodríguez Fernández*: Non votará a favor sen unha revisión integral do imposto, que inclúa as bonificacións excesivas que tamén contempla a ordenanza. Os servizos públicos de cualidade hai que financiarlos mediante tributos xustos e progresivos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* As posturas están claras e os servizos públicos hai que pagalos.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: 7; PSOE.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles", modificación que afectará ao artigo 8 da citada ordenanza, que terá a seguinte redacción:

**Artigo 8.- Cuota tributaria.**

- 1.- A cuota íntegra tributaria deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
- 2.-O tipo de gravame para os bens inmóbles urbanos será do 0,50%
- 3.-O tipo de gravame para os bens inmóbles rústicos será do 0,40%
- 4.-O tipo de gravame para os bens inmóbles de características especiais será do 1,30%
- 5.-A cuota líquida obterase minorando da cuota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 desta ordenanza.

**Segundo.-** Expoñer ao público, durante trinta días hábiles, o correspondente expediente administrativo mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e noutros medios que procedan. Se no citado prazo non se presentasen reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

**I.5.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

*A) Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas de 21 de outubro de 2015:*

Vista la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais", considerando inadecuada e injusta una cuota única e igual para todos los casos de conexión tanto a la red general de agua como a la de saneamiento, sin hacer distinción del tipo de inmueble que se trate, se propone al Pleno la adopción del siguiente **ACUERDO:**

**Primero.-** Aprobar provisionalmente la modificación de la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais", modificación que afectará al artículo 5 de la cita ordenanza que quedará redactado de la siguiente forma:



## ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA

Será o resultado da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

### Tarifa I.- Servizo de subministración de auga potable

<u>Código</u>	<u>Concepto</u>	<u>Cuota</u>
<b>1</b>	<b>Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral :</b>	
1.1	Por cada vivenda até 100 m <sup>2</sup>	100 €
1.2	Por cada vivenda de máis de 100 m <sup>2</sup>	200 €
1.3	Por cada local comercial ou similar	300 €
1.4	Por hoteis, naves, industrias, grandes superficies	900 €
<b>2</b>	<b>Tarifa trimestral por consumo de auga:</b>	
2.1	Por cada m <sup>3</sup> facturado até 60 m <sup>3</sup> , como mínimo por abonado	0.49 €
2.2	Por cada m <sup>3</sup> facturado que exceda de 60 m <sup>3</sup> e até 105 m <sup>3</sup>	0.77 €
2.3	Por cada m <sup>3</sup> facturado que exceda de 105 m <sup>3</sup>	1.18 €

Nos supostos de edificacións que contén con varias vivendas ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos sen especificar, o importe da tarifa por dereitos de conexión establecida nos códigos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 será o resultado de sumar as cuotas correspondentes polo número de vivendas e locais, debendo contar cada vivenda ou local cun contador independente.

Se a rede da que se toma a auga fora financiada en parte con contribucións especiais ou aportacións veciñais a cuota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou aportacións satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

### Tarifa II.- Servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais

<u>Código</u>	<u>Concepto</u>	<u>Cuota</u>
<b>1</b>	<b>Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral:</b>	
1.1	Por cada vivenda até 100 m <sup>2</sup>	100 €
1.2	Por cada vivenda de máis de 100 m <sup>2</sup>	200 €
1.3	Por cada local comercial ou similar	300 €
1.4	Por hoteis, naves, industrias, grandes superficies	900 €
<b>2</b>	<b>Tarifa trimestral por prestación do servizo:</b>	
2.1	A cuota tributaria trimestral será do 27% da facturación municipal de cada trimestre pola prestación do servizo de abastecemento de auga (excluídos IVA e o Canon da Auga e Coeficiente de Vertedura da Xunta de Galicia).	
2.2	Os suxeitos pasivos que carezan do servizo municipal de abastecemento de auga, tributarán pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración	

de augas residuais, cunha taxa equivalente ao 27 % da cuota mínima por consumo da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

Nos supostos de edificacións que contén con varias vivendas ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos, o importe da tarifa establecida nos códigos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 será o resultado de sumar as cuotas correspondentes polo número de vivendas e locais.

Se a rede de sumidoiros de saneamento fora financiada en parte con contribucións especiais, ou aportacións veciñais, a cuota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou aportacións satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Aquelas autorizacións de conexións de saneamento que precisen de bombeo por estar situados os inmobles nunha cota inferior a rede municipal de sumidoiros terán unha redución do 80 % na cuota de conexión.

**Segundo.-** Exponer al público, durante treinta días hábiles, el correspondiente expediente administrativo mediante anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra y en otros medios que procedan. Si en el citado plazo no fueran presentadas reclamaciones se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional.

*B) Emenda alternativa ao apartado primeiro do ditame.* Texto resultante da presentada polo grupo Nigrán-Decide e das modificacións introducidas nela durante o debate, á proposta do BNG.

O punto Primeiro da proposta de acordo o artigo 5 da citada ordenanza quedará redactado como seguidamente se transcribe:

#### ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA

Será o resultado da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

##### *Tarifa I.- Servizo de subministración de auga potable*

<u>Código</u>	<u>Concepto</u>	<u>Cota</u>
<i>1 Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral (en función da superficie construída en cada inmoble):</i>		
1.1	Por cada metro cadrado de vivenda	1,00 €
1.2	Por cada metro cadrado distinto a vivenda	3,00 €
<i>2 Tarifa trimestral por consumo de auga:</i>		
2.1	Por cada m3 facturado até 60 m3, como mínimo por abonado	0.49 €
2.2	Por cada m3 facturado que exceda de 60 m3 e até 105 m3	0.77€
2.3	Por cada m3 facturado que exceda de 105 m3	1.18 €



Nos supostos de edificacións que canten con varias vivencias ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos sen especificar, o importe da tarifa por dereitos de conexión establecida nos códigos 1.1 e 1.2 será o resultado de sumar as cotas correspondentes polo número de vivencias e locais, debendo contar cada vivencia ou local cun contador independente. O importe máximo a pagar por dereitos de conexión por cada vivencia, local comercial, industrial ou similar será de 1.000 €.

Se a rede da que se toma a auga fora financiada en parte con contribucións especiais ou achegas veciñais a cota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou achegas satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

*Tarifa II.- Servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais*

<u>Código</u>	<u>Concepto</u>	<u>Cota</u>
<i>1 Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral (en función da superficie construída en cada inmoble):</i>		
1.1	Por cada metro cadrado de vivenda	1,00 €
1.2	Por cada metro cadrado distinto a vivenda	3,00 €

*2 Tarifa trimestral por prestación do servizo:*

2.1 A cota tributaria trimestral será do 27% da facturación municipal de cada trimestre pola prestación do servizo de abastecemento de auga (excluídos IVA e o Canon da Auga e Coeficiente de Vertedura da Xunta de Galicia).

2.2 Os suxeitos pasivos que carezan do servizo municipal de abastecemento de auga, tributarán pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cunha taxa equivalente ao 27% da cota mínima por consumo da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

Nos supostos de edificacións que canten con varias vivencias ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos, o importe da tarifa establecida nos códigos 1.1 e 1.2 será o resultado de sumar as cotas correspondentes polo número de vivencias e locais. O importe máximo a pagar por dereitos de conexión por cada vivencia, local comercial, industrial ou similar será de 1.000 €.

Se a rede de sumidoiros de saneamento tora financiada en parte con contribucións especiais, ou achegas veciñais, a cota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou achegas satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Aquelas autorizacións de conexións de saneamento que precisen de bombeo por estar situados os inmobles nunha cota inferior a rede municipal de sumidoiros terán unha redución do 80 % na cota de conexión.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña*, do grupo UCN: Houbo un acordo co PSOE e buscouse unha proposta asumida por os dous grupos. Búscase corrixir certas disfuncións. Explica o detalle das cotas propostas, en función da superficie. Tamén podería valer unha cota por metro e non por tramo. Preténdese certa axilidade na xestión á hora de fixala por tramos.

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: Da conta da súa emenda, que recupera o sistema de pago por metro cadrado.

*D. Xavier Rodríguez Fernández*, do grupo BNG: Xa dixo na Comisión que era máis partidario da cota por metro cadrado, para evitar as diferencias elevadas por saltos de tramo. Pretende simplificar, 1 euro m<sup>2</sup>/vivenda e 3 euros m<sup>2</sup>/distinto a vivenda. Hai outro aspecto que é o de fixar un tope. Propón que este sexa o de 1.000 euros.

*D. Alberto García Pazos*, do grupo popular: Hai que ter en conta cal é o feito impoñible e neste caso non se ten en conta. Así o di o Interventor no seu informe. A superficie non é relevante, como afirma a enxeñeira. Aquí vanse xirar, sabéndoo, cotas superiores aos custos. Vaise prexudicar a terceiro fóra da norma e con coñecemento de causa.

*Sr. Fernández Comesaña*: Os tramos facilitan a xestión. Neste caso hai que facer comprobacións e iso supón demoras na resolución. As emendas sobre a marcha son moi delicadas e debe haber unha reflexión sobre a cuestión. El tamén contempla o suposto dos contribuíntes que teñen un bombeo, situación que agora se bonifica.

*Sr. Rodríguez Fernández*: Pensa que a opción dos metros é máis xusta. Recoñece que é unha taxa e non un imposto, pero pódese ter en conta a capacidade contributiva de cada un. A proposta é a mesma para auga e saneamento.

*Sr. García Pazos*: As bonificacións son as que serven para modular situacións contributivas diferentes.

*Sr. Alcalde-Presidente*: Agora hai unha tarifa plana. A proposta de UCN é por tramos de superficie.

*Sr. Cuevas Raposo*: Aceptan a proposta do BNG nos importes de un e tres euros por metro cadrado.

*Sr. Alcalde-Presidente*: A opción do BNG pon unha tarifa por metro cadrado distinguindo se é ou non unha vivenda.

*Sr. Fernández Comesaña*: A emenda do BNG é moi escasa para pretender incorporarse a unha norma.

*Sr. Rodríguez Fernández*: Aclara a emenda no sentido de que é a de Nigrán Decide coa tarifa proposta polo BNG e co importe máximo de 1.000 euros.

*Sr. García Pazos:* O correcto é debater isto na Comisión Informativa e que sexa informada pola Intervención.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O problema é que os prazos apúranse ao máximo. Deberían tratarse en varias reunións da Comisión. O informe da Intervención foi posterior á Comisión e iso motiva posturas novas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Votárase a emenda e o ditame da Comisión, entendéndose que co voto a favor se levantarán os reparos.

### **Votacións e acordos sobre o ditame e a emenda alternativa ao mesmo**

Resultado da votación ordinaria sobre a redacción do art. 5º ditaminada pola Comisión:

- Votos a favor: 1; UCN.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.

Resultado da votación ordinaria sobre a emenda (Nigrán Decide-BNG) que propón unha redacción do art. 5º alternativa á ditaminada pola Comisión:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 1; UCN.

En consecuencia, o Pleno do Concello **ACORDA:**

**Primero.-** Resolver os reparos da Intervención e aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais", modificación que afectará ao artigo 5º da citada ordenanza, que quedará redactado da seguinte forma:

#### **ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA**

Será o resultado da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

##### *Tarifa I.- Servizo de subministración de auga potable*

<u>Código</u>	<u>Concepto</u>	<u>Cota</u>
<i>1 Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral (en función da superficie construída en cada inmoble):</i>		
1.1	Por cada metro cadrado de vivenda	1,00 €
1.2	Por cada metro cadrado distinto de vivenda	3,00 €

##### *2 Tarifa trimestral por consumo de auga:*

2.1 Por cada m3 facturado até 60 m3, como mínimo por abonado	0.49 €
2.2 Por cada m3 facturado que exceda de 60 m3 e até 105 m3	0.77€
2.3 Por cada m3 facturado que exceda de 105 m3	1.18 €

Nos supostos de edificacións que canten con varias vivencias ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos sen especificar, o importe da tarifa por dereitos de conexión establecida nos códigos 1.1 e 1.2 será o resultado de sumar as cotas correspondentes polo número de vivencias e locais, debendo contar cada vivencia ou local cun contador independente. O importe máximo a pagar por dereitos de conexión por cada vivencia, local comercial, industrial ou similar será de 1.000 €.

Se a rede da que se toma a auga fora financiada en parte con contribucións especiais ou achegas veciñais a cota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou achegas satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

*Tarifa II.- Servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais*

<u>Código</u>	<u>Concepto</u>	<u>Cota</u>
<i>1 Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral (en función da superficie construída en cada inmoble):</i>		
1.1	Por cada metro cadrado de vivenda	1,00 €
1.2	Por cada metro cadrado distinto de vivenda	3,00 €

*2 Tarifa trimestral por prestación do servizo:*

2.1 A cota tributaria trimestral será do 27% da facturación municipal de cada trimestre pola prestación do servizo de abastecemento de auga (excluídos IVA e o Canon da Auga e Coeficiente de Vertedura da Xunta de Galicia).

2.2 Os suxeitos pasivos que carezan do servizo municipal de abastecemento de auga, tributarán pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cunha taxa equivalente ao 27% da cota mínima por consumo da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

Nos supostos de edificacións que canten con varias vivencias ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos, o importe da tarifa establecida nos códigos 1.1 e 1.2 será o resultado de sumar as cotas correspondentes polo número de vivencias e locais. O importe máximo a pagar por dereitos de conexión por cada vivencia, local comercial, industrial ou similar será de 1.000 €.

Se a rede de sumidoiros de saneamento tora financiada en parte con contribucións especiais, ou achegas veciñais, a cota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou achegas satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.



Aquelas autorizacións de conexións de saneamento que precisen de bombeo por estar situados os inmobles nunha cota inferior a rede municipal de sumidoiros terán unha redución do 80 % na cota de conexión.

**Segundo.-** Expoñer ao público, durante trinta días hábiles, o correspondente expediente administrativo mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e noutros medios que procedan. Se no citado prazo non se presentasen reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

## I.6.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO

A) *Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas de 21 de outubro de 2015:*

Vista la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo" aprobada mediante acordo plenario el 26-02-2015 y publicada en el BOP el 11-03-2015 para el ejercicio 2.016 por anterior corporación cuando correspondería hacerlo a la actual y considerando que hay que corregir el agravio comparativo que supone haber acordado una reducción del 40 % de la cuota tributaria para solamente unos pocos locales de negocio, así como otros aspectos del artículo 5 referido a la cuota tributaria, se propone al Pleno la adopción del siguiente **ACUERDO:**


**Primero.-** Aprobar provisionalmente la modificación de la "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo", modificación que afectará al artículo 5 e 6 de la dita ordenanza que quedará redactado de la siguiente forma:

### ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA

Código	Concepto	Cuota anual (€)
<b>1</b>	<b>Vivendas unifamiliares</b> .....	78,25
<b>2</b>	<b>Cafeterías, bares e similares</b>	
2.1	Sen servizo de comedor .....	145,62
2.2	Con servizo de comedor .....	341,24
<b>3</b>	<b>Restaurantes, con ou sen cafetería anexa</b>	
3.1	Até 100 m2 .....	396,66
3.2	De mais de 100 m2 até 250 m2 .....	793,33
3.3	De mais de 250 m2.....	1.189,99
<b>4</b>	<b>Pensións, hostais e similares</b>	
4.1	Sen restaurante comedor .....	206,48
4.2	Con restaurante comedor .....	304,29
<b>5</b>	<b>Hoteis</b>	

5.1 Sen restaurante comedor .....	304,29
5.2 Con restaurante comedor até 250 m2.....	1.151,96
5.3 Con restaurante comedor de máis de 250 m2.....	1.722,50
<b>6 Moteis .....</b>	<b>1.429,08</b>
<b>7 Apart-hotéis</b>	
7.1 Por cada apartamento.....	78,25
7.1 Por cada habitación.....	34,78
<b>8 Parques de campismo .....</b>	<b>4.107,92</b>
<b>9 Salas de festas, discotecas, pubs e similares</b>	
9.1 Até 100 m2 .....	304,29
9.2 De máis de 100 m2 até 250 m2 .....	608,58
9.3 De máis de 250 m2 até 500 m2.....	950,91
9.4 De máis de 500 m2 .....	1.336,70
<b>10 Supermercados, tendas de alimentación e similares</b>	
10.1 Até 50 m2 .....	171,71
10.2 De máis de 50 m2 até 100 m2 .....	260,82
10.3 De máis de 100 m2 até 250 m2 .....	429,27
10.4 De máis de 250 m2 até 500 m2.....	858,54
10.5 De máis de 500 m2 .....	1.717,08
<b>11 Locais comerciais en xeral</b>	
11.1 Até 50 m2 .....	145,62
11.2 De máis de 50 m2 até 100 m2 .....	217,35
11.3 De máis de 100 m2 até 250 m2 .....	364,06
11.4 De máis de 250 m2 até 500 m2.....	728,12
11.5 De máis de 500 m2 .....	1.456,24
<b>12 Talleres, industrias, almacéns e naves</b>	
12.1 Ate 50 m2 .....	171,71
12.2 De máis de 50 m2 até 100 m2 .....	341,24
12.3 De máis de 100 m2 até 500 m2 .....	608,58
12.4 De máis de 500 m2 até 1.000 m2 .....	950,91
12.5 De máis de 1.000 m2 .....	1.336,70
13 Entidades bancarias .....	1.385,61
<b>14 Locais destinados a actividades sanitarias .....</b>	<b>364,06</b>
<b>15 Despachos profesionais .....</b>	<b>171,71</b>
<b>16 Entidades e sociedades recreativas ou deportivas</b>	
16.1 Abetos, Ureca .....	2.379,98
16.2 Clubes náuticos .....	646,62





16.3 Outras Entidades e sociedades recreativas ou deportivas .....	190,18
<b>17 Instalacións de uso público</b>	
17.1 Residencias tempo libre .....	1.255,20
17.2 Piscinas .....	706,39
17.3 Centro de día .....	364,06
17.4 Centros/residencias de día e noite e até 25 prazas.....	682,50
17.5 Centros/residencias de día e noite de máis de 25 prazas.....	1.157,39
17.6 Colexios privados .....	1.157,39
<b>18 Outros non incluídos no parágrafos anteriores .....</b>	<b>145,62</b>

En todos os conceptos nos que se teña en conta a superficie, tomarase a superficie total, incluída a superficie dos locais anexos ou afectos á actividade, de conformidade co establecido ao respecto no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), ou a superficie total que resulte das comprobacións que efectúe o Concello

#### **ARTIGO 6.- BENEFICIOS FISCAIS.**

1.- Aplicarase unha bonificación do 90 por 100 da cota da taxa aos suxeitos pasivos en situación de pensionistas ou desempregados que a soliciten e acrediten as condicións seguintes:

- a) Habitar na vivenda que constitúe o obxecto tributario da taxa.
- b) Non posuír o conxunto da unidade familiar, composta polo solicitante e as persoas que con el convivan, ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional, incluíndo nos mesmos o subsidio de desemprego. A tal efecto, xunto coa solicitude de bonificación, deberán aportar as declaracións do IRPF dos integrantes de dita unidade familiar. No caso de que calquera ou todos os integrantes da mesma non formulasen declaración do IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizarase ao Concello para que recabe da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información necesaria a estes efectos sobre os devanditos ingresos.
- c) Non ser propietario ou usufrutuário de bens urbanos, agás a propia vivenda habitual, sempre que esta teña un valor catastral inferior a 60.000,00 euros, nin ser titulares no exercicio de actividades comerciais, industriais ou profesionais suxeitas ao Imposto de actividades económicas.
- d) As persoas en situación de desemprego terán que acreditar, ademais das anteriores condicións, que levan desempregados alomenos seis meses dentro dos doce anteriores ao devengo da taxa. A tal efecto, xunto coa solicitude de bonificación, deberán aportar certificación expedida polo Instituto Nacional de Emprego, que poña de manifesto tal circunstancia.

2.- A aplicación das bonificacións terá carácter rogado, de xeito que os interesados

deberán solicitarse por escrito, para cada exercicio, debendo presentar a correspondente solicitude entre o día 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultar estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

**Segundo.-** Exponer al público, durante treinta días hábiles, el correspondiente expediente administrativo mediante anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra y en otros medios que procedan. Si durante o período de exposición al público existieran reclamaciones el Concello Pleno resolverá las mismas y aprobará definitivamente, en su caso, la ordenanza fiscal; si no fueran presentadas en el citado plazo se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional.

*B) Emenda do grupo Nigrán Decide:*

Modificar o punto primeiro da proposta de acordo da seguinte maneira:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo", modificación que afectará ao artigo 5 da citada ordenanza da seguinte seguinte forma:

No ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA cambiando o importe da epígrafe "1 Vivendas unifamiliares" a 75,60 euros e todo o demais quedaría todo igual.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña*, do grupo UCN: Significa a volta á situación anterior á modificación, con algunha matización. Acadouse unha transacción co PSOE.

*D. Alberto Valverde Pérez*, do grupo popular: Non é serio presentar cousas sobre a marcha. A ordenanza vixente é a aprobada hai dous anos. Agora empeórase a situación, por exemplo, nas vivendas unifamiliares. As empresas con xestor autorizado están pagando de máis. En relación coa ordenanza pendente de entrar en vigor, mantense a estrutura. Soben, por exemplo, as vivendas unifamiliares. No caso dos supermercados, elimínase o tramo superior, co que os máis grandes pagarán menos. Os locais comerciais máis grandes son os únicos aos que lle rebaixa. Tamén hai aumentos nos almacéns, locais de actividades sanitarias, despachos profesionais, que xeran poucos residuos, talleres, carpinterías, etc. A subida é moi significativa, un 40 % aproximadamente, que tamén afectará a Porto do Molle. O propoñente inclúe aspectos que antes criticaba. Ten dúbidas sobre os pensionistas e parados, que parece que gozan dunha exención e pregunta en que consiste o cambio. Non todos a terían, se posúen unha casa de valor catastral de certa contía. Non se pode dicir que lle afecta a todos, porque non é certo. Pide ao goberno que rectifique.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Lamenta o ton de crispación da intervención anterior.

*Sr. Valverde Pérez:* Gardáronse as formas, pero as cousas hai que dicilas.

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: Presentan unha emenda no sentido de que as vivendas unifamiliares paguen o que está na ordenanza anterior. As bonificacións haberá

que falar delas, porque non son xustas e teremos que abordalas no futuro.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non é normal que o PP se escandalice de que se chegue a acordos entre grupos. A ordenanza de referencia é a de 2012 e sobre ela o que fan son rebaixas. Recoñece que a estrutura haberá tamén que revisala. Aínda estamos lonxe do autofinanciamento. Pode aceptar a emenda de Nigrán Decide, pero por respecto á comisión absterase.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Haberá que revisar a estrutura con tempo. Votará a favor da proposta, sen prexuízo do sinalado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A taxa queda conxelada con carácter xeral. Os cambios son moi pequenos sobre a vixente. Explica eses cambios. Os parados e pensionistas terán unha exención en certas condicións, non se enganou a ningún.

*Sr. Valverde Pérez:* Hai unha ordenanza aprobada que está previsto que entre en vigor en xaneiro, e sobre esta hai incrementos para os veciños. É peor que o que se aprobara para entrar en vigor en 2016. A cuestión é confundir. Votarán en contra.

*Sr. Fernández Comesaña:* Débense levantar os reparos como primeira cuestión.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A proliferación de bonificacións con poucos beneficiarios complica innecesariamente a xestión. Pensa que os niveis de ingresos deben ponderarse.

*Sr. Interventor:* Lembra o seu informe, no referente ás bonificacións ou exencións, que teñen que estar recollidas na Lei e este non é o caso das que aquí se recollen. De aí que se faga reparo. Tamén hai sentencias que abundan nesta cuestión.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Así se ven facendo desde o 2013, contemplando esas rebaixas.

**Votación e acordo sobre a emenda de Nigrán Decide.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 2; Nigrán Decide.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 9; PSOE, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

**Votación e acordo sobre a proposta da Comisión.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 2; Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda resolver os reparos da Intervención

e aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.7.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

*A) Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, do 21 de outubro de 2015:*

Vista la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto de Sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana (Plus-Valía), y teniendo en cuenta que mediante acuerdo plenario de 24-10-2.011 publicado en BOP el 29-12-2011, bajo el argumento de dar cumplimiento a un plan de saneamiento, fueron incrementados los tipos de gravamen entre los ejercicios 2.012 y 2.015 ambos incluidos.

Teniendo en cuenta que para el próximo ejercicio se van a incrementar un 10% los valores catastrales de los Bienes Inmuebles de Naturaleza Urbana, circunstancia que afectará muy directamente a al Impuesto de Plus-Valía, ya que se toma como referencia el valor catastral de los bienes sujetos al Impuesto, por lo que dará lugar a un importante incremento en las liquidaciones.

Considerando que ahora es preciso minorar los tipos de gravamen para el ejercicio 2.016, devolviéndolos a los valores anteriores al año 2.012.

Se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente **ACUERDO**:

**Primero.-** Aprobar provisionalmente la modificación de la "Ordenanza Fiscal do Imposto Sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana", modificación que afectará al artículo 13 de la cita ordenanza y que tendrá la siguiente redacción:

#### **Artigo 13º.**

1.- A cuota do Imposto será a resultante de aplicar á base imponible as seguintes porcentaxes:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo entre 1 e 5 anos: 2,60%
- b) Para os incrementos de valor xerados até 10 anos: 2,40%.
- c) Para os incrementos de valor xerados até 15 anos: 2,30%.
- d) Para os incrementos de valor xerados até 20 anos: 2,30%.

2.- O tipo de gravame será do 27% en tódolos los casos.

**Segundo.-** Exponer al público, durante treinta días hábiles, el correspondiente expediente administrativo mediante anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra y en otros medios que procedan. Si en el citado plazo no fueran presentadas reclamaciones se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional.

*B) Emenda de Nigrán Decide:*

O primeiro punto da proposta de acordo quedará redactado da seguinte forma:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza Fiscal do Imposto Sobre o Incremento do Valor dos Terreas de Natureza Urbana", modificación que afectará aos artigos 4 e 13 da citada ordenanza e que terá a seguinte redacción:

Artigo 13.

1.- A cota do imposto será a resultante de aplicar á base imponible as seguintes porcentaxes:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo entre 1 e 5 anos: 2,60%
- b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo até 10 anos: 2,40%.
- c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo até 15 anos: 2,30%.
- d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo até 20 anos: 2,20%

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña*, do grupo UCN: Refírese á proposta. Ao carácter non preceptivo do establecemento deste tributo. Ao subir o IBI, vai repercutir neste imposto, de aí que pretenda axustarse. Con este axuste case non habería diminución. Hai unha pequena emenda de Nigrán Decide, que acepta.

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: Retira da súa emenda a modificación do artigo 4.

*Sr. Interventor*: Explica o contido actual da norma que regula as exencións e non suxeicións e a conveniencia de non reproducir na ordenanza textos legais.

*D. Alberto García Pazos*, do grupo popular: Coincide con que se deben facer remisións á lexislación vixente. Por outra parte, pediuse a revisión catastral sen consultar aos grupos.

*Sr. Cuevas Raposo*: Os axustes da emenda son para manter o statu quo.

*D. Xavier Rodríguez Fernández*, do grupo BNG: Isto é un imposto, a súa función é de redistribución. Aquí grávase un beneficio que se obtén sen facer nada. El gravaría máis as transmisións a curto prazo, polo seu carácter especulativo. Na súa opinión, non se debe baixar.

*Sr. Fernández Comesaña*: Non ten inconveniente en subir o primeiro tramo ao 2,70 %.

*Sr. García Pazos*: Hai moitas familias que venden, porque non poden pagar o que compraron. Debería terse en conta.

*Sr. Fernández Comesaña*: Comparte o que di o representante do PP. A media aquí debe estar en 10 anos. Se o BNG o acepta el tamén.

*Sr. Rodríguez Fernández*: Se non hai incremento, non hai que pagar. Fai a súa proposta.

*Sr. Fernández Comesaña:* Resume as porcentaxes: 2,70; 2,50; 2,30 e 2,20.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, asumindo o texto resultante do ditame da Comisión corrixido no curso do debate, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza Fiscal do Imposto Sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana", modificación que afectará al artículo 13 de la dita ordenanza y que tendrá la siguiente redacción:

#### **Artigo 13º.**

1.- A cuota do Imposto será a resultante de aplicar á base imponible as seguintes porcentaxes:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo entre 1 e 5 anos: 2,70%
- b) Para os incrementos de valor xerados até 10 anos: 2,50%.
- c) Para os incrementos de valor xerados até 15 anos: 2,30%.
- d) Para os incrementos de valor xerados até 20 anos: 2,20%.

2.- O tipo de gravame será do 27% en tódolos los casos.

**Segundo.-** Expoñer ao público, durante trinta días hábiles, o correspondente expediente administrativo mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e noutros medios que procedan. Se no citado prazo non se presentasen reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

### **I.8 - PROPOSTA RELATIVA Á MARCHA ESTATAL DE 7 DE NOVEMBRO DE 2015 CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de outubro de 2015 asume a moción presentada polo grupo socialista e propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo (modifícanse respecto da moción orixinal do grupo socialista os párrafos 1 e 2 do punto 2 da proposta de acordo no sentido de substituír "violencia de xénero" por "violencia machista"):

"O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14),

que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciante, ou de vivenda, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por iso, este Concello **ACORDA:**

- 1. Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema «Contra as Violencias Machistas» e promover a participación cidadá na Marcha e facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.

- 2. Instar ás Administracións competentes para que no marco das súas respectivas atribucións:

- Acheguen recursos para promover a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art.19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento a longo prazo. E tamén para que ofrezan unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, mediante unha xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia machista.

- Contribúan á promoción da igualdade e á eliminación da violencia machista en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.

- Promovan a sensibilización contra o sexismo nas actividades que organicen e nos servizos que presten co fin de acadar a erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais.

- Presten atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, sen incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.

- Fomenten a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

- 3. Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para o seguimento e Informes ao GREVIO no marco da aplicación do Convenio de Istambul."

**Deliberación.-** Non se producen intervencións

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

### **1.9.- MOCIÓN DE URXENCIA: TRABALLOS NON REALIZADOS POLA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA.**

Formulada polo grupo Nigrán Decide.

Texto:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Realizouse unha auditoría con data 31 de xullo de este ano á empresa concesionaria do Servizo de Recollida de Residuos e Limpeza viaria, na que se constata que a empresa non cumpre na súa totalidade o contrato, e polo tanto está cobrando por servizos que non realiza.

A veciñanza de Nigrán está a pagar tributos, en moitas ocasións con gran dificultade, para que sexan administrados dunha maneira eficientes por parte do Goberno Municipal.

Non parece de recibo que ao mesmo que se lle están a pedir sacrificios á veciñanza, se dilapide o diñeiro público, gastándoo en servizos que non se realizan.

Polo exposto, o Grupo Municipal NIGRÁN DECIDE propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

#### **ACORDOS**

**PRIMEIRO:** O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:

- Que se lle deixe de pagar a empresa concesionaria do Servizo de Recollida de Residuos e Limpeza viaria aqueles servizos que non realiza.
- Que se lle reclame a empresa concesionaria do Servizo de Recollida de Residuos e Limpeza viaria os pagos realizados indebidamente por traballos non realizados e non prescritos.



**Deliberación sobre a urxencia. Síntese das intervencións:**

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: Hai unha auditoría que indica que se está pagando de máis.

**Votación e acordo relativo á urxencia.-** Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

**Deliberación sobre o fondo do asunto.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo*, do grupo Nigrán Decide: Refírese á exposición de motivos da Moción. Calculan que se pagan uns 100.000 euros de máis cada ano.

*Sr. Alcalde-Presidente*: Para levar isto a cabo parece que debe pecharse o expediente.

*D. Alberto García Pazos*, do grupo PP: Coincide en que antes hai que rematar o procedemento.

*D. Antonio Fernández Comesaña*, do grupo UCN: A decisión de auditar o servizo foi boa, pero haberá que rematar o proceso. Pensa que afloraron moitas deficiencias.

*D. Xavier Rodríguez Fernández*, do grupo BNG: A iniciativa é interesante. Tamén hai que comprobar os investimentos comprometidos.

*Sr. García Pazos*: Desexa que non pase o mesmo que coa vella auditoría.

*Sr. Cuevas Raposo*: Tampouco se pide que se faga agora mesmo.

*Sr. Alcalde-Presidente*: Acéptase que volva ao Pleno cando haxa datos.

**Retirada do asunto.-** Coa conformidade de todos os membros da Corporación retírase o asunto á espera do resultado das actuacións en curso.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de

setembro de 2015 e o 30 de setembro de 2015, ambos incluídos.

## II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Alberto García Pazos*, do grupo Popular:

1.1. ¿Na nómina deste mes de outubro ao persoal laboral e funcionario do Concello se lle vai pagar a porcentaxe da paga extra de Nadal 2012 que se autorizou cunha norma estatal?

*D. Diego García Moreira*, concelleiro delegado: Non se puido pagar nesta nómina por un tema de tramitación. Demos a orde de que se pague canto antes. Iso require unha tramitación que aínda non se levou a cabo pola saturación de traballo do departamento. Se non se paga este mes supoño que se pagará no próximo.

1.2. ¿Pódenme dicir se neste segundo semestre do ano se modificou en algo o sistema de contratación dos servizos da grúa municipal?

*Sr. Alcalde-Presidente*: Aínda non pero estamos a punto.

*Sr. García Pazos*: Fixen esa consulta por escrito e a contestación que teño a través dun correo electrónico é que formalmente non hai iniciado ningún procedemento a día de hoxe.

1.3. ¿Xa recibiu o goberno municipal o estudo técnico para determinar a viabilidade dun complexo deportivo no equipamento municipal do SAU-9 en Porto do Molle?

*Sr. Alcalde-Presidente*: Entregouse.

*Sr. García Pazos*: Eu falo polos demais. Sería bo que a cada un dos grupos se lle entregase para saber que conclusión sacaron.

1.4. ¿Van deixar pasar a oportunidade de adaptar as instalacións do pavillón municipal á normativa vixente agora que se deixou unha contía económica para ese fin?

*Sr. Alcalde-Presidente*: Xa o dixen no Pleno anterior, o proxecto non está rematado. Había un anteprojecto que non serve para facer a contratación segundo os técnicos municipais. Están os técnicos municipais redactando o proxecto.

*Sr. García Pazos*: Indicar que esa cantidade provén dun remanente de tesourería do exercicio 2014. Hai que revisar a normativa en canto á utilización dos remanentes de tesourería para obras, pero cabe no probable que se non se inicia o gasto no exercicio no que foi aprobado ao pechar o exercicio haxa problemas; a non ser que se utilice un remanente novo e se inicie un procedemento novo.

1.5. Que conste en acta unha votación que figura no Pleno anterior, na que votaron a



favor o Partido Popular, Nigrán Decide e o BNG, coas abstencións de PSOE e UCN que dicía: Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aceptando unha redacción transaccional, acorda encomendar á comisión especial de contas dentro das súas competencias a revisión da situación actual do servizo de duchas e lavapés nas praias do Concello de Nigrán. Indicar que neste mes na comisión non foi como punto nin se planteou ningunha discusión sobre este tema.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Simplemente dicir que para ese tema e outros se convocou unha xunta de portavoces na que, non estou achacando nada a ninguén, pero por unha confusión na comunicación, polo visto, estivemos todos os grupos menos o grupo popular.

*Sr. García Pazos:* Pero non é o sitio que se acordou. O Pleno encomendoullo a esa comisión, non á xunta de portavoces, e neste mes non foi.

**2.- D<sup>a</sup>. Lilita Silva Pequeño, do grupo Popular:**

2.1. Sr. Alcalde, no Pleno anterior dixo que as actividades culturais e deportivas comenzarían a principios de novembro. Vostede dixo que a contratación iba a ser igual que as anteriores. Dixo tamén que as actividades se ían a levar a cabo no pavillón. Exactamente as mesmas. É mentira, quita dous grupos en ximnasia de mantemento e todas as horas para a xente da terceira idade son á última hora da noite, incluso cambiando o lugar. Dicirle que quita un monitor de patinaxe, quita un monitor de ximnasia de mantemento e quita un monitor de tenis. Este ano as actividades van a ser de menor calidade, vai a ter que admitir moitos menos alumnos, que van a pagar igual cando van a ter peor servizo e moito menos tempo de actividade e pode que algunha praza de monitor quede deserta por non presentarse aspirantes. Rógolle que recapacite e que as actividades se manteñan como estaban.

*Sr. Alcalde-Presidente:* As actividades non van a empeorar, se van a deixar como están e por riba se van a mellorar.

*Sra. Silva Pequeño:* Os veciños van pagar 80 euros por seis ou sete meses de actividade.

**3.- D<sup>a</sup>. María Carmen Alonso Macías Jorroto, do grupo popular:**

3.1. Como responsable dos servizos sociais pode responderme por que a partir do mes de xuño xa non aceptan os vales de alimentos que ata entón recibiamos dos pazos privados pola realización de vodas civís polos concelleiros en ditos pazos. Era o principal nutriente do fondo de alimentos municipal. O ano pasado conseguimos máis de 5.000 euros en vales de comida.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ser un pouco sensato en política tampouco está mal. Estábase a permitir un cobro con un grado de irregularidade.

*Sra. Alonso Macías Jorroto:* Non era un cobro, era un vale voluntario. Nós non temos

obriga de ir a casar nos pazos. Son empresas privadas que teñen un lucro e que cobran aos que se van a casar alí. O lóxico é que xa que os concelleiros se desprazan alí, eles nos recompensen, non aos concelleiros, senón ao propio Concello. Ademais é unha desvantaxe en relación á xente que se casa aquí, que ten que pagar 125 euros de taxa e vamos a casar aos pazos a custe cero. Entón chegamos a un acordo que consistía nunha doazón ao fondo de alimentos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Era un cobro sen ningún tipo de control e decidimos non facelo.

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* Non hai ningún cobro, nin hai ningunha doazón. O que hai é un pacto ao que chegou este equipo de goberno no seu día, que non se iba a cobrar, pero que nos gustaría que o pazo, por cada voda que oficiara calquera concelleiro, fixese unha doazón para o banco de alimentos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Concello ten capacidade para facer fronte ao banco de alimentos.

#### 4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

4.1. O 07.05.2015 o anterior alcalde iniciou o expediente de contratación do contrato menor por razón de contía para a adquisición dun coche para a Policía. O 17 de xullo vostede adjudicou este contrato por 21.750 euros. ¿Que necesidades do Concello de Nigrán pretenden cubrirse mediante a realización de dito contrato?

*Sr. Alcalde-Presidente:* As que fai a Policía cando monta nun coche.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Estanse a cubrir esas necesidades?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Faltan modificacións no coche.

*Sr. Cuevas Raposo:* Ou sexa que tal e como se comprou o coche, por 30 euros menos do límite de contrato menor non cubre as necesidades do Concello. Necesita unha modificación duns 8.000 euros para que cubra as necesidades do concello. Se van a gastar uns 30.000 no coche, pero na miña opinión estamos nun caso claro de fraccionamento de contrato. Teña cuidado con estas cousas.

4.2. ¿Cantas primeiras placas de vado foron cobradas dende que entrou en vigor a ordenanza do 11.06.2015?

*Sr. Alcalde-Presidente:* 13

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿E a partir do 11 de xuño?

*Sr. Alcalde-Presidente:* 4

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Existen reclamacións?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Existen dúas.

*Sr. Cuevas Raposo:* ¿Se contestaron a eses recursos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Un dos dereitos da cidadanía é que se lle contesten os recursos. Rogo que se lle conteste.

4.3. ¿Contratouse o plan de conservación do ENIL do ecosistema dunar de Praia América-Panxón?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está pendente do informe xurídico.

4.4. ¿Se vai a facer algo coa RPT?

*D. Diego García Moreira, concelleiro delegado:* O que temos de momento é un documento que chegou posteriormente á nosa chegada ao goberno por unha vía peculiar, que estudamos, e tras reunirnos cos sindicatos démonos conta que non se modificara e que os sindicatos daban por feito. En canto á RPT estamos a volver a consensuar todo iso cos sindicatos, porque había certos cambios que parece ser que estaban consensuados e que nunha reunión cos delegados sindicais me atopo que non están consensuados e que non aparecen. E, a maiores, tamén temos que resolver o problema da empresa que realiza a RPT, porque o outro problema é que esta empresa da o traballo por finalizado. Entón xa hai certas disputas a nivel de contratación para ver se se pode entender finalizado.

*Sr. García Pazos:* A RPT entregouse no Concello pola empresa á concelleira de persoal anterior e se acordou o seu abono. Cando eu me fixen cargo da concellaría non estaba de acordo co contido nin cos criterios que se utilizaron para esa RPT, e persoalmente, moitas tardes, co señor que a redactou, e hai varios documentos asinados por min no expediente, fixen o traballo de reconducir todos os parámetros e a través de múltiples reunións cos sindicatos. Ben é certo que, á última de todo, os sindicatos indicaron que querían algunhas modificacións máis. Non había tempo material para facer esas modificacións e ese documento, digamos penúltimo, que eu tiña no meu poder, o depositei onde tiña que depositalo, que é no departamento de persoal, facendo constar como se fixera e que o deixaba para valorar se o goberno novo o consideraba válido ou se o quería modificar de novo coa negociación sindical.

4.5. A estrada de Lapela que comunica Chandebrito con Valadares atópase, segundo as referencias que temos, nun estado lamentable e con falta de sinalización. Rógolle que adopte as medidas e faga as xestións pertinentes para mellorar dita estrada.

4.6. Segundo as informacións que teño, numerosos veciños solicitaron á Deputación de Pontevedra a instalación de pasos de peóns elevados na Rúa do Torreiro. Rogaría que se interesara na Deputación do estado de tramitación de ditas peticións da veciñanza.

4.7. Non sei se xa solicitaron a adhesión ao portal de transparencia. Que se execute. O día 9 de decembro está aí ao lado.

4.8. Lembrarlle que segue sen convocar o Consello Sectorial e que o carril bici segue no mesmo sitio.

**5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:**

5.1. Que se poña un banco de madeira ao lado da oficina de turismo ao carón das pistas de tenis. Hai dous pero non son suficientes.

5.2. Que se fagan as xestións na Deputación para que a Rúa Padres Franciscanos en sentido descendente, antes de chegar ao convento, se coloque un paso de peóns. Se se fan elevados que sexa en toda a rúa.

5.3. Na rúa Vista o Mar en Praia América hai varias losetas de pedra que están levantadas, que as recoloquen.

5.4. Parece ser que por parte de persoal deste concello planteouse contencioso-administrativo contra a decisión adoptada na pasada lexislatura de suprimir as aportacións ao plan de pensións. Me gustaría que me informe si recaeu sentenza e de ser así se pode entregarnos copia aos grupos municipais e, se de ser a sentenza favorable se se pode executar.

*D. Diego García Moreira, concelleiro delegado:* Con respecto ao plan de pensións unha persoa do Concello planteou un preito por este tema, estimouse por silencio administrativo, polo tanto tecnicamente o Concello ten que proceder que aportar como mínimo a esa persoa e supoño que podemos pasar copia desa sentenza. É un tema que estamos debatendo, porque entendemos que pode ser extensivo ao resto de persoas que teñen subscrito ese plan de pensións.

5.5. A Deputación está promovendo en diversos concellos actuacións medioambientais para reutilizar residuos urbanos mediante compostaxe. ¿Participa o Concello de Nigrán neste plan?. De ser así, ¿onde está prevista a colocación dos composteiros?, ¿van a ser de uso público ou uso privado para as fincas?.

*D. Diego García Moreira, concelleiro delegado:* en canto aos composteiros da Deputación, de momento o único que saíu publicado foi a contratación do persoal para formar aquela xente que teña os composteiros ou aquelas administracións que os teñan. De momento sabemos que vai a saír unha liña de subvencións para comprar o contedor de compostaxe pero aínda non están publicadas. Unha vez que estean publicadas as bases para saber en que términos saen intentaremos tirar por aí. Unha liña na que temos moitos interese é a través dun composteiro comunal ou a máis gran escala.

5.6. O próximo día 15 de xaneiro de 2016 finaliza o prazo de concesión das instalacións

deportivas Dunas de Gaifar, ¿a empresa adjudicataria está ao corrente do pago de 7.000 €/ano? ¿Está previsto proceder a unha nova contratación? ¿Por canto tempo?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O canon non o sei, supoño que estará ao corrente. Vaise iniciar unha nova contratación. Xa se está en elo.

5.7. ¿Que control está levando o Concello con respecto ao alquiler das pistas de tenis?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A verdade é que existe pouco control. Escaso control dende fai moito tempo. Esa era unha das cuestións polas que nós as actividades de tenis a tiñamos máis reservada, porque non cabe dúbida de que se necesita controlar por que non hai control de ningún tipo. Esperemos que coa nova concesionaria sexamos capaces de chegar a un acordo, porque ingresan o que consideran, cando consideran e non hai ningún tipo de control.

*Sr. Fernández Comesaña:* De existir algunha rendición de contas que a poña a disposición dos grupos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Teño ese listado de operacións de ingresos. Díciulle que no 2015 se ingresaron en xullo/agosto 500 euros, en xuño/xullo 400 euros, en xullo/agosto 2014, 390 euros. A verdade é que non hai ningún control.

5.8. O pasado 7 de setembro adjudicouse polo procedemento de contrato menor a sinalización accesible na rede de sendeiros no Concello de Nigrán á empresa Wireless Galicia por importe de 21.538 euros IVE incluído, prazo de execución ata o día 2 de outubro de 2015. Quería saber se foron finalizados os traballos e se realizaron debidamente e foron recepcionados polo Concello e ao mesmo tempo se foron financiados con recursos propios ou existe algunha subvención.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, está subvencionado nunha parte moi importante pola Dirección Xeral de turismo e xa está recepcionada.

5.9. Me están chegando queixas de varios veciños da Rúa Rans, porque parece ser que como consecuencia das obras que se realizaron se producen embalsamentos de auga e incluso inundacións en propiedades. Me gustaría saber se ten coñecemento das deficiencias deste proxecto e que decisións se adoptaron ou se pensan adoptar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Realmente aínda non está entregada a obra por motivos como eses. Creo que mañá volven os técnicos para ver se dunha vez se recepcionan ou non, porque hai cousas que non se fixeron ben. Hai problemas cos embalsamentos, co pintado e tamén nos accesos ás vivendas.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu non sei se é consciente ou se o sabe, eu si o comprobei, que parece ser que se están canalizando augas pluviais á rede de saneamento cando parece ser que o proxecto inicialmente non o contemplaba. Despois se puxo unha tubería aproveitando, e non sei en que condicións, porque as arquetas non se saben onde quedaron. Se efectivamente se comproba que as augas pluviais están conectadas

non saneamento hai un problema.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Mañá é o momento de comprobalo e ver que medidas se poden tomar.

**6.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:**

6.1. Quero sumarme á petición de que poidamos dispor do estudo de viabilidade xa mencionado.

6.2. Respecto á taxa por celebración das vodas, eu no mandato anterior falei en Pleno da cuestión, e do inxusto que era que paguen taxa os que veñen a casar ao Concello e os que casan nos pazos, non; co agravante de que ás veces as persoas que veñen a casar ao Concello son as que dispoñen de menos recursos. O que estamos a facer é absolutamente irregular, pero en realidade para poder casar a alguén ten que ser en dependencias municipais. Isto ten unha solución moi fácil, tanto como que con carácter previo a esa cerimonia do pazo pasen por aquí a asinar o papel, que vai a ser a voda oficial e por iso pagan a correspondente taxa.

6.3. A min, como oposición, me preocupa moito o que lle pasa aos veciños de Nigrán, tanto que a min me preocupa que as empregadas do servizo de axuda no fogar non cobraran as súas nóminas do mes de setembro, a maioría, ata pasado o día 20 deste mes de outubro, incluso a tres nin se lle pagou o salario. Eu quero saber si o goberno municipal está ao corrente desta situación e está informado do mesmo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É consciente, xa se reuniu coas traballadoras, ao final se conseguiu que se lles pagara, tarde. É un contrato cunha empresa privada e coa próxima concesión temos que estudar que é cuestión de non mirar sempre o prezo das adjudicatarias, senón algo máis. No caso desta empresa a situación é bastante irregular coas súas traballadoras, de feito hai unha que é a delegada sindical, que a día de hoxe aínda non cobrou. Eu estou en contacto coas traballadoras e co empresario, intentando presionalo ao máximo. Sabemos que quedan dous meses de contrato, que o mellor agora é que pague o que debe, rematar o contrato con esta empresa dunha vez por todas, porque ademais ten moitos problemas. Onte á tarde estiveren coa delegada sindical da CIG falando dese tema e quedamos en que eles nos indicarían que pasos podemos tomar como administración. Tamén hai queixas dos usuarios.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Quería saber tamén como vai o procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar para o ano que ven, porque se a situación da empresa que o está a prestar é esta, o que non pode ser é que chegue o 1 de xaneiro e haxa que prorrogar o contrato actual por non ter rematado o proceso de contratación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está en proceso de contratación.

*Sr. Rodríguez Fernández:* ¿Está previsto incluír no prego de condicións cláusulas de





control que garantan mes a mes que o adxudicatario cumpre con todas as súas obrigas cos traballadores e usuarios.?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está nas cláusulas.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.